

to do idioma galego ós aspirantes admitidos que acreditaron a superación do curso de perfeccionamento na lingua galega ou a convalidación por homologación, excepto os seguintes aspirantes que non teñen acreditado o coñecemento do idioma galego na forma prevista nas bases da convocatoria:

SOUTO VASCONCELOS CLAUDIA
 MEIS DOMÍNGUEZ MARGARITA
 GONZÁLEZ PRIETO FERNANDO
 RODRÍGUEZ TRABAZO CELSO
 RODRÍGUEZ CANCIO-DONLEBÚN FRANCISCO JAVIER
 IGLESIAS PIÑEIRO M^a MERCEDES

QUINTO.—SINALAMENTO DE DATAS PARA A CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E COMEZO DAS PROBAS.—O Tribunal Cualificador das probas selectivas constituirase o día 24 de novembro de 2003, ás 13,00 horas, na Sala de Comisións da Casa do Concello.

O primeiro exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre coñecemento do idioma galego para os aspirantes non declarados exentos realizarase no Salón de Actos o día 25 de novembro de 2003 ás 10.00 horas, convocando, para a súa realización, ós seguintes aspirantes: dona Claudia Souto Vasconcelos, dona Margarita Meis Domínguez, don Fernando González Prieto, don Celso Rodríguez Trabazo, don Francisco Javier Rodríguez Cancio-Donlebún e dona M^a Mercedes Iglesias Piñeiro.

Os aspirantes declarados exentos do primeiro exercicio e os que o superen, concurrirán na data e hora que se indicará no anuncio sobre o resultado do primeiro exercicio para a realización do segundo exercicio, provistos do D.N.I. e dos medios necesarios para a práctica do mesmo, quedando decaídos do seu dereito os aspirantes que non comparezan a realiza-lo, salvo casos debidamente xustificadas que se resolverán polo tribunal.

O que se fai publico para xeral coñecemento e ós efectos previstos nas bases da convocatoria.

Así o dispuxo e ordenou o Sr. Alcalde don Miguel Anxo Fernández Lores, en Pontevedra a catorce de agosto de dous mil tres, ante o Secretario Acctal. que da fe da precedente resolución.—O Alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores.—O Secretario Acctal., Adolfo Castro Pérez. 6242

* * *

V I G O

E D I C T O

O Pleno da Excm. Corporación en sesión celebrada con data 6 de xuño de 2003, adoptou o acordo de aprobar inicialmente a creación do Consello Local de Accesibilidade e o seu regulamento de organización e funcionamento.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril, someuse o texto do Regulamento á información pública durante o prazo de 30 días contados a partir do día 23 de xuño de 2003, data de publicación do anuncio no B.O.P.

Durante o prazo conferido ó efecto e segundo certificación do Rexistro Xeral, non foron presentadas alegacións nin reclamacións.

Polo exposto e de conformidade co disposto no artigo 49 do precitado texto legal, enténdese aprobado definitivamente, procedendo á publicación do texto íntegro que entrará en vigor transcorrido o prazo de 15 días, establecido no artigo 65 da citada Lei reguladora de bases de réxime local, desde a data de publicación, se non fose obxecto de impugnación.

Vigo, 12 de agosto de 2003.—O Alcalde, Ventura Pérez Mariño.—O Secretario Xeral Adxunto, Manuel Xosé Lorenzo Penela.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSELLO LOCAL DE ACCESIBILIDADE

A Constitución española, no seu artigo 49 especifica que os poderes públicos ampararán especialmente as persoas con discapacidade para o gozo dos dereitos que o título primeiro outorga a tódolos españois.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de benestar social, de conformidade co establecido no artigo 27.23º do Estatuto de autonomía, en relación co artigo 148.1.20 da Constitución española.

O artigo 4 do Estatuto de autonomía impón ós poderes públicos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, así como facilita-la participación de tódolos galegos na vida política, económica, cultural e social.

No ámbito autonómico, a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servicios sociais de Galicia establece que esta materia correspóndelle en exclusiva á Comunidade Autónoma, pero nela tense en conta o principio de autonomía dos entes locais que consagra a Carta Magna, atribuíndolles con toda nitidez competencias propias ós entes locais para a xestión dos seus intereses neste terreo. Só desa maneira, tal como sinala a Lei reguladora das bases do réxime local, faise realmente efectiva a autonomía que a Constitución garante.

O Decreto 336/1994 de desenvolvendo da Lei 4/1993 establece como obligatoria a creación do Consello local de servicios sociais para os municipios de máis de 20.000 habitantes.

Por outra banda, a vontade do Concello de Vigo de facilitar-la participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social do municipio, xa quedou reflectida no Regulamento de Participación Cidadán, aprobado definitivamente polo Pleno en sesión de data 26/03/1992 e que crea os Consellos Municipais de área ou sector como órganos de participación, información, seguimento e proposta á xestión municipal.

O abeiro do Decreto 336/1994, o Concello de Vigo creou o Consello Local de Servicios Sociais, aprobado polo Pleno en sesión de 27 de novembro de 2000, como órgano consultivo de participación dos cidadáns no eido dos servicios sociais. Este órgano consultivo xeral sobre asuntos sociais non enerva en ningún caso a posibilidade e a conveniencia de constituír outros órganos sectoriais con igual carácter, cando a especificidade do tema así o aconsellan.

É evidente que a problemática que atinxe ás persoas con discapacidade é merecedora dun tratamento particularizado e especializado desde os poderes públicos. Este tratamento singularizado xa foi establecido a nivel estatal pola Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, introducindo a nivel estatal unha primeira definición do amparo constitucional ás persoas con discapacidade ó establecer previsións en relación coa súa participación democrática no desenvolvemento de accións que se pretendan acometer.

A preocupación do Concello de Vigo ante a problemática das persoas con discapacidade viuse reflectida coa adhesión desta cidade á declaración de “La ciudad y las personas con disminución” por acordo plenario do 24 de abril de 2000. Esta declaración é un documento que detalla os compromisos e os acordos que os Concellos asumen, en función das súas competencias, con relación á integración social das persoas con discapacidade.

En base ó anterior e por proposta da Concelleira-Delegada de Servicios Sociais, constitúese o Consello local de accesibilidade, que en colaboración co Consello local de servicios sociais, servirá como órgano de participación, información, seguimento e proposta á xestión municipal

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.

1.—O Consello local de accesibilidade é un órgano de participación, creado de conformidade co previsto no artigo 42 da Lei 4/93, de 14 de abril, de Servicios Sociais e no 41 do Regulamento de Participación Cidadá.

2.—Este Consello crease desde a vontade do Concello de Vigo de traballar coas persoas con calquera tipo de discapacidade co fin de instituciona-

liza-la colaboración e participación das persoas con discapacidade nas políticas municipais de atención, inserción social e calidade de vida dirixidas a ese sector da poboación.

Artigo 2º.

O Consello local de accesibilidade é un órgano colexiado de carácter consultivo e de participación no ámbito dos servicios sociais, en tódalas cuestións referentes á problemática das persoas con discapacidade e adscrito á concellería competente en materia de asuntos sociais.

Artigo 3º.

O Consello local de accesibilidade ten por obxecto e principais funcións:

- a) Estudiar e emitir informes sobre os aspectos relacionados coa mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.
- b) Emitir dictámenes e informes sobre todas aquelas cuestións relacionadas co obxecto do consello que se sometan a súa consideración.
- c) Potencia-la participación das persoas con discapacidade nos organismos públicos dedicados a súa atención.
- d) Promove-las accións de información e divulgación sobre a normativa, plans e programas referidos as persoas con discapacidade.
- e) Asesorar á corporación municipal en todos os asuntos relacionados coas persoas con discapacidades, ben por experiencias profesionais, sectoriais, ben por necesidades sentidas.
- f) Facer cantas propostas considere oportunas en materia relativas ós fins e funcións do consello.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS

Artigo 4º.

O Consello local de accesibilidade funcionará en Pleno e Comisión Permanente, sen prexuízo das Comisións de traballo que se poidan constituír para o mellor desenvolvemento dos seus fins.

Artigo 5º.

Integran o Pleno do Consello local de accesibilidade:

- a) O Presidente/a
- b) O Vicepresidente/a
- c) Os Vocais
- d) O Secretario/a

Artigo 6º.

A presidencia do Consello corresponde o Iltmo. Sr. Alcalde que poderá delegar súas funcións na vicepresidencia.

Artigo 7º.

Son funcións do Presidente ou persoa que o substitúa:

- * Exerce-la representación do consello.
- * Convoca-las reunións do Pleno, formular o orden do día e presidir e modera-lo desenvolvemento dos debates.
- * Someter á consideración do consello tódolos asuntos que sexan da súa competencia.
- * Visa-las actas e certificacións dos acordos do consello.
- * Velar polo cumprimento das normas.
- * As demais que resulten propias da súa condición de presidente.

Artigo 8º.

A vicepresidencia será exercida polo corporativo que ostente a delegación dos servizos sociais.

Artigo 9º.

Corresponde o vicepresidente ou persoa que o substitúa:

- * Constituír, xunto ó presidente e secretario, a mesa do Pleno do Consello.
- * Presidir e coordina-las Comisións de traballo que se constitúan.
- * Aquelas outras que se lle encomenden e que sexan inherentes a súa condición de vicepresidente.

Artigo 10º.

Actuará como secretario do Consello o Secretario Xeral do Concello, quen poderá delega-las súas funcións en funcionario do ámbito dos servizos sociais.

Asistirá ás reunións do Pleno, da Comisión Permanente e das Comisións de traballo que procedan, con voz pero sen voto, nas Comisións de traballo poderá actuar como Secretario un funcionario dos Servizos Sociais municipais cando así o considere o do Consello.

Artigo 11º.

Os vocais do Consello serán:

- * Un representante de cada un dos grupos municipais.
- * Os/as Concelleiros/as ou persoas en quen deleguen das seguintes áreas:
 - Parques e Xardíns
 - Seguridade, Tráfico e Transportes
 - Servizos Sociais.
 - Vías e Obras
 - Xerencia de Urbanismo

- * Cinco vocais polas asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade psíquica.
- * Cinco vocais polas asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade física.
- * Dous vocais polas asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade sensorial.
- * Un vocal en representación do Consello Municipal das persoas maiores.
- * Pola Administración Autonómica:
 - Un vocal en representación da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Un vocal en representación da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade
 - Un vocal en representación da Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.
 - Un vocal en representación da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.
- * Un vocal por cada un dos seguintes Colexios Oficiais:
 - Aparelladores
 - Arquitectos
 - Enxeñeiros de Camiños
 - Enxeñeiros Industriais
 - Telecomunicacións.
- * Un vocal en representación do Centro Estatal de Autonomía Persoal de Axudas Técnicas (CEAPAT).
- * Un vocal en representación da Federación Veciñal
- * Un vocal en representación das Asociacións Empresariais a través da CEOE.
- * Tres vocais en representación de cada unha das tres Centrais Sindicais mais representativas na cidade.

Artigo 12º.

A designación nominal dos vocais membros do consello farase a proposta das entidades ou organismos que representa e incluíra a dos respectivos suplentes que substituirán a aqueles en caso de ausencia, vacante, enfermidade, e, en xeral cando concorra causa xustificada.

A duración dos vocais será de dous anos, sen prexuízo da súa reelección e da súa substitución. Non obstante, rematado o cargo, continuarán nas súas funcións en tanto non sexan designados os novos.

As vacantes de vocais que se puideran producir cubriranse do mesmo xeito que para a súa designa-

ción. A duración do mandato destes vocais será a do tempo que resto do mandato do vocal substituído.

Artigo 13º.

O secretario ou a persoa na que delegue levará a cabo as seguintes funcións:

- * Convocar por orden do presidente, as reunións do Pleno e da Comisión Permanente.
- * Asistir as reunións do Pleno e da Comisión Permanente e das Comisións de traballo que se constituían, levantando acta das mesmas.
- * Expedir certificacións, visadas polo presidente, dos acordos, propostas e informes aprobados polo Pleno e pola Comisión Permanente.
- * Executa-los acordos do consello.
- * Elabora-lo proxecto da memoria anual das actividades e da situación dos servizos sociais, para seu estudo pola Comisión Permanente e posterior aprobación do Pleno.
- * Prepara-los asuntos para coñecemento dos distintos órganos do consello.
- * Recibir e tramita-las comunicacións dos membros do consello.
- * Calquera outra función que lle encomenden os órganos do consello.
- * Asistirá ás reunións do Pleno, da Comisión Permanente e das Comisións de traballo que procedan, con voz pero sen voto.

Artigo 14º.

O Pleno do Consello estará integrado por todos os membros do Consello local de accesibilidade e correspóndelle levar a cabo as seguintes funcións:

- * Adoptar acordos e informes sobre as materias que constituían as funcións do consello.
- * Crear e regula-las funcións das Comisións de traballo sinalando os obxectivos.
- * Aproba-la memoria e o informe anual de actividades.
- * Aprobar, rexeitar ou modifica-los proxectos, informes e acordos que presente a Comisión Permanente e as Comisións de traballo.
- * Delegar na Comisión Permanente decisións e realizacións en asuntos concretos.

Artigo 15º.

A Comisión Permanente estará composta pola presidencia, que exercerá a vicepresidencia, os vocais e o secretario que o será, así mesmo, do Pleno, distribuíndose da seguinte forma:

- * Os/as Concelleiros/as das áreas que de seguido se indican, ou persoas en quen deleguen:
 - Parques e Xardíns
 - Seguridade, Tráfico e Transportes

- Servizos Sociais.

- Vías e Obras

- Xerencia Municipal de Urbanismo

- * Cinco representantes das asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade psíquica.
- * Cinco representantes das asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade física.
- * Dous representantes das asociacións, unións, federacións e confederacións de persoas con discapacidade sensorial.
- * Pola Administración autonómica:
 - Un representante da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
 - Un vocal en representación da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade
 - Un representante da Delegación Provincial da Consellería de Servizos Sociais, Fomento de Emprego e Relacións Laborais.
 - Un representante da Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda
 - Un vocal por cada un dos seguintes Colexios Oficiais:
 - Arquitectos
 - Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos
 - Telecomunicacións
 - Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
 - Enxeñeiros Técnicos Industriais

Artigo 16º.

As sesións dos órganos do Consello poderán asistir, con voz pero sen voto, ata un total de tres expertos en temas de discapacidade de recoñecido prestixio. Serán designados polo presidente.

Así mesmo poderán asistir as sesións dos órganos do Consello, con voz pero sen voto os representantes das asociacións, unións, federacións e confederación de persoas con discapacidade, non pertencentes ao Pleno nin a Comisión Permanente, que sexan designados polo presidente do Consello.

Artigo 17º.

Serán funcións, entre outras, da Comisión Permanente, as seguintes:

- * Realiza-las actuacións que sexan necesarias para o debido cumprimento dos acordos do Pleno.
- * Desenvolve-las funcións concretas que lle encomende o Pleno.

- * Actuar como órgano de relación e coordinación das iniciativas que se presenten ante o Consello.
- * Proponer ó Pleno a creación de Comisións de traballo.
- * Calquera outra que o Pleno lle encomende.

Artigo 18º.

O Pleno poderá acorda-la creación de Comisións de traballo, como instrumentos de apoio e estudo.

**CAPÍTULO III.
RÉXIME DE SESIÓN E ADOPCIÓN
DE ACORDOS**

Artigo 19º.

O Pleno do Consello local de accesibilidade reunirse como mínimo unha vez ó ano en sesión ordinaria; en sesión extraordinaria, cando sexa convocado polo Presidente por iniciativa propia, a solicitude da Comisión Permanente ou da metade dos membros do Consello.

A convocatoria para as sesións notificarse coa antelación necesaria para seu coñecemento, incluírse a orde do día e, de se-lo caso, a documentación precisa.

Artigo 20º.

A Comisión Permanente reunirse unha vez cada tres meses de forma ordinaria, e con carácter extraordinario cando a convoque o presidente.

Artigo 21º.

O Pleno do Consello local de accesibilidade quedará validamente constituído si concorre a maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria, e de 1/3 en segunda, debendo estar presente o presidente ou vicepresidente.

Artigo 22º.

O réxime de reunións dos grupos de traballo, dada a súa especificidade, será flexible e adecuado á urxencia de cada tema.

Poderán crearse tódolos grupos de traballo que se acorden tanto na sesión plenarias como nas permanentes, si teñen delegada a competencia.

Artigo 23º.

Os acordos, tanto no Pleno como na Comisión Permanente, adoptaranse por maioría de votos membros presentes, decidindo o voto de presidente en caso de empate.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para todo o non previsto se estará ó establecido na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administra-

cións públicas e de procedemento administrativo común e normas complementarias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No prazo de dous meses, contados a partir da aprobación definitiva do presente regulamento, constituirase o Consello local de accesibilidade

DISPOSICIÓN FINAL

Conforme co establecido no artigo 70.2 e 65.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, este regulamento entrará en vigor polo transcurso dun mes a contar desde a publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. 6251

* * *

CUNTIS*Anuncio de licitación*

1.—ENTIDAD ADJUDICADORA: Ayuntamiento de Cuntis. Dependencia que tramita el expediente: Secretaría.

2.—OBJETO DEL CONTRATO: Ejecución de las obras del Proyecto de Centro Cultural y Social IV fase.

3.—FORMA DE ADJUDICACIÓN: Concurso, por el procedimiento abierto y tramitación urgente.

4.—PLAZO DE EJECUCIÓN: 18 meses.

5.—PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN: 631.062 euros en las siguientes anualidades:

Anualidad 2003: 63.106,20 euros.

Anualidad 2004: 189.318,60 euros.

Anualidad 2005: 378.637,20 euros.

6.—GARANTÍA PROVISIONAL: 12.621,24 euros. Garantía definitiva: 4% del importe de adjudicación.

7.—PRESENTACIÓN DE OFERTAS: En el registro general de la secretaría del Ayuntamiento de Cuntis, en horario de 9 a 14 horas, en el plazo de 3 días naturales a partir de la publicación en el Diario Oficial de Galicia (si el último día coincidiese en sábado, se trasladará al primer día hábil).

8.—MODELO DE PROPOSICIÓN: La oferta, junto con la restante documentación exigible en el pliego de cláusulas administrativas particulares, se presentará con arreglo al siguiente modelo:

“Don, con DNI nº, natural de, provincia de, mayor de edad y con domicilio en c/, teléfono, actuando en nombre (propio o de la empresa a la que represente), manifiesta que, ente-